

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 4/2021 , ORDINARIA, 25 DE MARZO DE 2021

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000116

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 4/2021

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 25 de marzo de 2021 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de marzo de 2021, para o xoves 25 de marzo de 2021, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

### ORDE DO DÍA


- 1.-Aprobación das actas das sesións 2 e 3/2021, extraordinarias, do 10 de marzo.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de iniciación de expediente de cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde do Centro de Saúde de titularidade municipal do Concello de Carral (A Coruña).
- 3.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.**

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Sonia Campos Ares